

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

7655 *Real decreto 626/2014, do 18 de xullo, polo que se modifica o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

A Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, estableceu, na disposición derradeira segunda, que se autorizaba o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións fosen necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Na súa virtude, o Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais e se modifica o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, codificou todas as normas referentes ao Rexistro de Variedades Comerciais e aos rexistros de inscrición de diferentes grupos de especies, en desenvolvemento do título II da citada lei. Procede agora realizar algunhas modificacións do texto orixinario.

As comisións nacionais de avaliación de variedades, reguladas no dito regulamento xeral, son órganos colexiados de carácter consultivo e técnico cuxo informe é preceptivo, logo do estudo dos resultados dos ensaios de identificación e de valor agronómico cando proceda, para a concesión ou denegación da inscrición dunha variedade no Rexistro de Variedades Comerciais ou -se as circunstancias o aconsellan- para acordar a continuación dos citados ensaios, polo que a elección dos membros das citadas comisións deberá estar baseada no principio de especialización.

O número 4 do artigo 14 do citado regulamento xeral establece que, sen prexuízo das particularidades previstas neste real decreto, o réxime xurídico aplicable ás comisións nacionais de avaliación de variedades se axustará ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste marco, o presente real decreto procede a actualizar a composición das mencionadas comisións.

Noutra orde de cousas, o citado Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/145/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2009, pola que se establecen determinadas excepcións para a aceptación de razas e variedades autóctonas de plantas hortícolas que fosen tradicionalmente cultivadas en localidades e rexións concretas e que se vexan ameazadas pola erosión xenética, e de variedades vexetais sen valor intrínseco para a produción de cultivos comerciais, pero desenvolvidas para o cultivo en condicións determinadas, así como para a comercialización de sementes das ditas razas e variedades autóctonas. Así mesmo, o mencionado real decreto incorpora tamén ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2010/46/UE da Comisión, do 2 de xullo de 2010, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE e o artigo 7 da Directiva 2002/55/CE, ambas as dúas do Consello, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Posteriormente, non obstante, aprobouse a recente Directiva de execución 2013/57/UE da Comisión, do 20 de novembro de 2013, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, pola que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar como

mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, que modifica de novo a súa regulación, e que agora se traspón.

Pois ben, procede a incorporación da mencionada Directiva de execución 2013/57/UE da Comisión, do 20 de novembro de 2013, modificando o número 6 do anexo IV e o número 5 do anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, nas especies cuxos protocolos de exame da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais, en diante OCVV, foron substituídos, unicamente naquelas especies que son obxecto de modificación pola directiva, polos que se citan no presente real decreto.

Non parece oportuno incluír nesta modificación as especies sobre as cales non houbera solicitude nin inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, o que non obsta para que no futuro se deba ter en conta no caso de que se efectúe unha solicitude de inscrición.

Tampouco se necesitan incluír, por se se comercializasen en España, as variedades propias dalgún Estado membro da Unión Europea á vista do artigo 33.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo. Este precepto establece que «as sementes e plantas de viveiro que procedan de Estados membros da Unión Europea e pertencen a especies e categorías reguladas polas directivas comunitarias poderán ser comercializadas libremente, sempre que cumpran todos os requisitos exixidos nestas».

Por outro lado, tamén se modifica o número 6 do anexo IV e o número 5 do anexo VII do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, xa que as directrices de exame da Unión Internacional para a Protección de Obtencións Vexetais, en diante UPOV, foron substituídas polas que se citan no presente real decreto.

A modificación das especies nos anexos IV, V e VII realízase deixando inalteradas as demais especies actualmente existentes no Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais.

Hai que advertir que o artigo 33.2 do citado regulamento establece que, no que respecta á distinción, estabilidade e homoxeneidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos «Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade» ditados polo Consello de Administración da OCVV, empregando todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos.

E o artigo 33.3 do citado regulamento establece que, cando a citada oficina non establecese un protocolo para a realización do ensaio de identificación dunha especie concreta, se cumprirán as directrices de exame en vigor da UPOV, empregando todos os caracteres varietais sinalados cun asterisco que se establecen nas citadas directrices.

Estas previsións incorpóranse agora á norma que se procede a modificar.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

O Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. O contido do artigo 15 substitúese polo seguinte:

«1. As comisións nacionais de avaliación de variedades estarán integradas por:

a) Presidente: o subdirector xeral de Medios de Produción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais; na súa ausencia será substituído polo seu vicepresidente.

b) Vicepresidente: o subdirector adxunto de Medios de Producción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais.

c) Secretario: un funcionario, con nivel polo menos 22, da Subdirección Xeral de Medios de Producción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais, que tamén actuará como vogal dela e que, na súa ausencia, será substituído por un dos vogais.

d) Vogais:

1.º Catro funcionarios adscritos á Subdirección Xeral de Medios de Producción Agrícolas e Oficina Española de Variedades.

2.º Expertos nomeados, por tres anos naturais, polo director xeral de Producións e Mercados Agrarios, por proposta do subdirector xeral de Medios de Producción Agrícolas e Oficina Española de Variedades Vexetais:

Dous expertos en obtención de variedades.

Dous expertos en caracterización de variedades.

Dous expertos en avaliación de variedades.

Dous expertos en produción de sementes de cultivos extensivos.

Dous expertos en produción de sementes de cultivos intensivos.

Dous expertos en plantas de viveiro, froiteiras e cultivos leñosos.

Dous expertos de industrias que utilicen produtos obtidos polas sementes.

Dous expertos de industrias que utilicen produtos obtidos de plantas de viveiro.

Dous expertos en recursos fitoxenéticos.

Dous expertos en tecnoloxía e calidade.

Dous expertos en obtención de variedades modificadas xeneticamente.

Un experto en fitopatoloxía.

3.º Catro representantes das comunidades autónomas, designados pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

4.º Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias máis representativas, acreditadas ante o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Os expertos designados serán inamovibles durante o período do seu nomeamento, excepto cando sexa por petición propia ou cesamento na especialidade pola cal foi designado.

3. Así mesmo, asistirán ás reunións das comisións os invitados que propoña o presidente, que terán voz pero non voto.

4. A cada reunión serán convocados os expertos que teñan relación coas especies a que pertencen os expedientes obxecto de estudo.»

Dous. No número 6 do anexo IV modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás seguintes especies deste que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

Aquelas variedades da especie que se cita a seguir que, con anterioridade ao 1 de xullo de 2014, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nas directrices de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especie que cumpre coa directriz de exame da UPOV:

| Nome científico | Denominación común | Directriz |
|------------------------|--------------------|----------------------|
| <i>Vicia sativa</i> L. | Veza común. | TG/32/7 do 20.3.2013 |

O texto desta directriz pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).»

Tres. O número 6 do anexo V substitúese polo seguinte:

«6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

As variedades das especies que se citan a seguir se, con anterioridade ao 1 de xullo de 2014, iniciaron os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas neste protocolo de exame ou, se é o caso, no protocolo de exame que se encontraba en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren co protocolo de exame da OCVV (1):

| Nome científico | Denominación común | Protocolo |
|-------------------------------|--------------------|------------------------|
| <i>Cannabis sativa</i> L. | Cánabo. | TP 276/1 do 28.11.2012 |
| <i>Brassica napus</i> L. | Colza. | TP 36/2 do 16.11.2011 |
| <i>Helianthus annuus</i> L. | Xirasol. | TP 81/1 do 31.10.2002 |
| <i>Linum usitatissimum</i> L. | Liño. | TP 57/1 do 21.3.2007 |

(1) O texto deste protocolo pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu)

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV (2):

| Nome científico | Denominación común | Protocolo |
|--------------------------------|--------------------|------------------------|
| <i>Papaver somniferum</i> L. | Durmideira. | TG/166/3 do 24.3.1999 |
| <i>Carthamus tinctorius</i> L. | Cártamo. | TG/134/3 do 12.10.1990 |
| <i>Gossypium spp.</i> | Algodón. | TG/88/6 do 4.4.2001 |
| <i>Glycine max</i> L. Merrill | Soia. | TG/80/6 do 1.4.1998 |

(2) O texto destas directrices pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).»

Catro. O número 5 do anexo VII queda modificado como segue:

a) Modifícase o seu primeiro parágrafo, así como os datos correspondentes ás seguintes especies deste que cumpren cos protocolos de exame da OCVV que se sinalan a seguir, co seguinte texto:

«As variedades das especies que se citan a seguir se, con anterioridade ao 1 de xullo de 2014, iniciaron os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas neste protocolo de exame ou, se é o caso, no protocolo de exame que se encontraba en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren cos protocolos de exame da OCVV:

| Nome científico | Denominación común | Protocolo |
|--------------------------------|---|----------------------------|
| <i>Cynara cardunculus</i> L. | Alcachofa e cardo. | TP 184/2 do 27.2.2013 |
| <i>Solanum lycopersicum</i> L. | Tomate. | TP 44/4 rev.1 do 27.2.2013 |
| <i>Phaseolus vulgaris</i> L. | Feixón de mata baixa e feixón de encanar. | TP 12/4 do 27.2.2013 |
| <i>Raphanus sativus</i> L. | Ravo ou raviño e ravo de inverno ou ravo negro. | TP 64/2 do 27.2.2013 |
| <i>Spinacia oleracea</i> L. | Espinaca. | TP 55/5 do 27.2.2013 |

O texto deste protocolo pódese consultar na web da OCVV (www.cpvo.europa.eu).»

b) Engádense, entre as especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV, as seguintes:

| «Nome científico | Denominación común | Directriz |
|---|--------------------------|-----------------------|
| <i>Solanum lycopersicum</i> L. X <i>Solanum habrochaites</i> S. Knapp et D.M. Spooner. <i>Solanum lycopersicum</i> L. x <i>Solanum peruvianum</i> L. Mill. <i>Solanum lycopersicum</i> L. x <i>Solanum cheesmaniae</i> (L. Ridley) Fosberg | Portaenxertos de tomate. | TG/294/1 do 20.3.2013 |

O texto desta directriz pódese consultar na web da UPOV (www.upov.int).»

Disposición adicional primeira. Referencias.

Todas as referencias que no Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais e se modifica o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, se realizan ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño ou ao ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño entenderanse feitas, respectivamente, ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición adicional segunda. Non incremento de gasto.

O funcionamento das comisións nacionais de avaliación de variedades será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Así mesmo, as medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante os números tres, catro e cinco deste real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva de execución 2013/57/UE da Comisión, do 20 de novembro de 2013, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas que se establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e do artigo 7 da Directiva 2002/55/CE do Consello, respectivamente, no que concirne aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e ás condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA